

En Vigo, a 4 de novembro de 2021

Benquerido/a deportista,

Coma vicepresidente da Fundación VIDE e concelleiro de Deportes de Vigo, teño o pracer de informarte, que unha tempada máis, poñemos en marcha a convocatoria de **“Axudas a Deportistas Vigueses e Viguesas de Base de Modalidades Deportivas Individuais 20/21”**.

Estas axudas van destinadas ao fomento da práctica deportiva e teñen coma finalidade a aposta polo deporte de base da cidade e o apoio as disciplinas nas que prima a competición individual.

Recoñecendo a túa capacidade de sacrificio e esforzo a prol do deporte, emprázote a solicitar esta axuda da que poderías beneficiarte para costear parte dos teus gastos no desenvolvemento da túa actividade deportiva.

Adxunto as bases e a documentación necesaria para a súa presentación telemática (vide@vide.es) ata o día 15 de novembro de 2021.

Os meus mais cordiais saúdos,



Manel Fernández
Vicepresidente Fundación VIDE